

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE NENOS E NENAS CON DIABETES DE GALICIA

En Santiago de Compostela, a 14 de febreiro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, don **Román Rodríguez González**, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, segundo o disposto no Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomea conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a Román Rodríguez González, de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Da outra, **Ana Isabel Pérez Tomé**, presidenta da Asociación de nenos e nenas con diabetes de Galicia, con CIF G94079050 e domicilio social na rúa A Estrada nº1, 4ºH de Marín, 36900 Pontevedra, inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 2013/017387.

EXPOÑEN


1. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias le funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



2. Que o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia inclúen o ensino de hábitos saudables (alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso) así como de prevención de enfermidades.

3. Que a Asociación de nenos e nenas con diabetes de Galicia, é unha asociación sen ánimo de lucro que ten entre os seus obxectivos:

- a) Reivindicar a asistencia médica, especializada e multidisciplinar para todos os nenos diabéticos.
- b) Instar a Administración Sanitaria e a Administración Educativa para que proporcione todos os medios necesarios para o autocoidado da diabetes.
- c) Proporcionar información e unha axeitada Educación Diabetolóxica, teórica e práctica a socios, familiares, escolas e poboación en xeral. Fomentar unha Educación Diabetolóxica de calidade para todos.
- d) Defender os dereitos dos nenos e nenas con diabetes co fin de conseguir a súa integración escolar e social.
- e) Estimular o estudo da diabetes en menores no terreo da investigación experimental e clínica. Colaborar na realización de estudos de carácter educativo, social, xurídico, psicolóxico, epidemiolóxico, ou outros, que faciliten a solución dos problemas dos nenos e nenas diabéticos.
- f) Potenciar a relación entre nenos-familiares de diabéticos e prestar apoio aos familiares.
- g) Establecer relación con outras asociacións de diabéticos e con outros colectivos relacionados directa ou indirectamente coa diabetes.
- h) Realizar todas as acción previstas para o logro dos fins mencionados e que sirvan para mellorar a calidade de vida dos nenos e nenas diabéticos.



4. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que “*a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temprá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas*”.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo do coñecemento da diabetes e da promoción de hábitos saudables.

En consecuencia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de nenos e nenas con diabetes de Galicia, acordan subscribir este convenio conforme as seguintes


CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de nenos e nenas con diabetes de Galicia, nas accións e actividades dirixidas ao coñecemento da diabetes e a promoción de hábitos saudables.

Segunda. Pessoas beneficiarias

As persoas destinatarias das medidas previstas neste convenio son directamente o alumnado de todas as etapas e niveis regulados pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, escolarizado nos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como o profesorado, o persoal dos servizos complementarios, os/as orientadores/as, e as familias ou os representantes legais dese alumnado.



Terceira. Desenvolvemento da colaboración

1. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria promoverá na formación permanente do profesorado, que desenvolve por medio das estruturas de formación e nas distintas modalidades formativas, a colaboración da Asociación de nenos e nenas con diabetes de Galicia, nas accións relativas ao coñecemento da diabetes e a promoción de hábitos saudables.
2. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de nenos e nenas con diabetes de Galicia, colaborarán na sensibilización e na difusión de materiais e documentos que permitan un maior coñecemento das circunstancias específicas asociadas á diabetes.
3. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria facilitará a colaboración da Asociación de nenos e nenas con diabetes de Galicia, cos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no coñecemento da diabetes e na promoción de hábitos saudables. O persoal da Asociación de nenos e nenas con diabetes de Galicia, deberá ter cumplida a obriga imposta polo artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor (LOPXM), introducido pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

Cuarta. Relacións laborais

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da Asociación e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Quinta. Comisión de seguimento

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



2. A comisión reunirse, con carácter ordinario, unha vez cada curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

- a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.
- b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.
- c) Elaborar un informe anual sobre o funcionamento do convenio.

Sexta. Interpretación do convenio

As dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, que ten carácter administrativo, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, a súa interpretación, cumprimento e execución corresponderá aos tribunais contencioso-administrativos, tralo esgotamento da vía administrativa.

Séptima. Protección de datos e confidencialidade

1. Ambas as partes comprométense a cumplir as obrigas que se derivan da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e demais normativa en vigor.
2. No caso de que durante o desenvolvemento deste convenio se puxese de manifesto a necesidade de proceder entre os asinantes a unha cesión ou comunicación de datos de carácter persoal incluídos nos seus respectivos ficheiros, farase de acordo co previsto no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de 13 do decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como na propia Lei 15/1999.

Oitava. Transparencia



As partes asinantes deberán cumplir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Novena. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e terá duración ata o remate do curso académico 2017/18, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación.

Lido o convenio no lugar e data indicados no encabezamento, atópano conforme, polo que o asinan en triplicado exemplar.

**POLA CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN
UNIVERSITARIA,**

O CONSELLEIRO,

Román Rodríguez González



**POLA ASOCIACIÓN DE NENOS E
NENAS CON DIABETES DE
GALICIA,**

A PRESIDENTA,

Ana Isabel Pérez Tomé